



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANUNCIO DE COBRANZA RELATIVO AOS RECIBOS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE 2022

En cumprimento do artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación (R.D. 939/2005, do 29 de xullo), faise pública a comunicación do período de pago relativo ao IAE 2022 cuxa xestión recadatoria corresponde á Axencia Estatal de Administración Tributaria,

Comuníquese, en relación cos recibos do Imposto sobre Actividades Económicas correspondentes a 2022, e cando se trate de cotas nacionais e provinciais, cuxa xestión recadatoria corresponde á Administración Tributaria do Estado, o seguinte:

PRAZO PARA EFECTUAR O INGRESO

Do 15 de setembro ata o 21 de novembro de 2022 (Resolución do 8 de xuño de 2022, do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria).

LUGAR DE PAGO

- Cotas nacionais

A través das Entidades colaboradoras (Bancos, Caixas de Aforro e Cooperativas de crédito) nas que non é preciso que o obrigado ao pago dispoña de conta aberta.

- Cotas provinciais.

A través das Entidades colaboradoras (Bancos, Caixas de Aforro e Cooperativas de crédito) nas que non é preciso que o obrigado ao pago dispoña de conta aberta.

Os ingresos poderanse efectuar no horario de atención ao público das devanditas Entidades.

Así mesmo, o pago de cotas nacionais e provinciais poderá ser realizado mediante debito en conta, a través de Internet, na dirección <https://sede.agenciaributaria.es>, na opción Pagar aprazar e consultar débedas.

Para realizar o pago a través de Internet é necesario dispoñer dun sistema de firma electrónica dos admitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, determinará o inicio do período executivo e o pagamento dos intereses de demora e das recargas a que se refiren os artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)